



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Modificación da Ordenanza municipal de protección e tenza de animais

ANUNCIO

O Pleno do Concello da Coruña, na sesión ordinaria realizada o día 13 de abril do 2023 aprobou inicialmente a modificación puntual da Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais. A dita aprobación inicial foi publicada no BOP número 79, do 26 de abril do 2023, co obxecto do seu sometemento a información pública por un prazo de trinta días.

Unha vez transcorrido o prazo anterior, e analizadas as alegacións presentadas, o Pleno do Concello da Coruña, na sesión ordinaria do 7 de setembro do 2023, acordou aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da tenza e protección dos animais do Concello da Coruña, e incorporar algunhas das alegacións presentadas no trámite de información pública.

Así, o texto definitivo da dita modificación puntual da Ordenanza municipal reguladora da tenza e protección dos animais do Concello da Coruña, que entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ten a seguinte redacción:

Artigo 5.4

“Aos animais salvaxes en cativeiro aplicaráselles as medidas sanitarias e hixiénicas previstas nesta ordenanza, así como as previstas na normativa vixente en materia de protección animal.”

Artigo 6

“As leiterías, cortes, cortellos e currais de gando e aves só se poderán establecer nas zonas rurais do municipio. En todo caso, requirírase a tramitación dos expedientes esixidos pola normativa vixente na materia para garantir tanto o aspecto hixiénico-sanitario e adecuación das instalacións, como a ausencia de incomodidades, molestias ou perigosidade para a veciñanza ou outras persoas.

Prohíbese a cría doméstica de aves, coellos, pombas e outros animais análogos en vivendas particulares do núcleo urbano, xa sexa en terrazas, peches ou patios.”

Artigo 7.3

“Prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias no período estival, que se entende entre o 1 de xuño e o 30 de setembro. Exceptúase da anterior prohibición a cala de Bens, que pasa a ter a consideración de “praia canina”. A esta praia poderán acudir durante todo o ano as persoas usuarias acompañadas dos seus cans, que poderán permanecer sen correa, e deberán manter en todo momento un control permanente e directo dos animais, de forma que non lles produzan molestias a outras persoas usuarias. Quen acuda en compañía dos seus animais deberá recoller os seus excrementos inmediatamente despois de que se produzan.

Noutros areas do municipio, o Goberno local poderá, ademais, designar áreas de espaxamento canino temporais ou permanentes nas que os cans poderán permanecer sen correa, independentemente da época do ano, sempre baixo a vixilancia das persoas responsables dos cans.

O disposto nos dous parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do mantemento e aplicación da obriga de suxeición mediante correa, non extensible de menos de dous metros de lonxitude, provistos do correspondente buzo homologado e adecuado para a súa raza, dos cans potencialmente perigosos.”

Artigo 13

“1. O Concello recollerá os animais abandonados e conservaraos ata que sexan reclamados, acollidos ou adoptados.

2. Se o animal non está identificado e non ten propietario ou propietaria coñecido, considerarase animal abandonado. Se transcorridos dez días naturais desde a entrada nas instalacións da cancela municipal non fose reclamado pola persoa propietaria, posuidora ou persoa autorizada, logo da acreditación previa de titularidade ou posesión, o centro queda facultado para darlle o destino que legalmente proceda.

3. Se o animal está identificado avisarase a persoa propietaria, quen disporá dun prazo de dez días naturais para recuperalo, unha vez pagados os gastos orixinados pola súa recollida e mantemento. Transcorrido este prazo sen que o animal fose retirado, este terá a consideración de animal abandonado, o que habilitará o Concello para darlle o destino que legalmente proceda.

4. Os animais acollidos nas instalacións da canceira municipal non poderán ser retirados dela polos/as seus/súas propietarios/as sen satisfacer, se é o caso, os gastos xerados polo seu censo e identificación. Así mesmo, pagarán os gastos de recollida, mantemento e coidados, segundo o disposto nas ordenanzas fiscais vixentes en cada momento, os de asistencia veterinaria, de precisala, e vacinación, se for o caso.

5. O Concello dispón de instalacións en condicións sanitarias adecuadas para o aloxamento dos animais recollidos, sempre que non sexan reclamados polas persoas propietarias ou posuidoras, nin se manteñan en observación.

6. Os medios que se vaian utilizar na captura e transporte de animais vagabundos ou abandonados terán as condicións hixiénico-sanitarias, serán respectuosos cos animais, garantirán en todo o posible o seu benestar e estarán adecuadamente atendidos por persoal cualificado.”

Artigo 15.1

“O órgano competente da Xunta de Galicia, con base na competencia establecida na normativa vixente en materia de protección animal, poderá ordenar a vacinación ou o tratamento obrigatorio dos animais domésticos.”

Artigo 16.3

“Queda absolutamente prohibido que as persoas propietarias ou posuidoras de cans permitan que os seus animais defequen en parques infantís ou xardíns de uso frecuente polos nenos e nenas. Así mesmo, están obrigadas a recoller, inmediatamente despois de que se produzan, as deposicións dos seus animais na vía pública e espazos privados de uso público.”

Artigo 16.4

“As deposicións que se produzan serán recollidas de xeito inmediato polas persoas propietarias ou posuidoras dos cans e colocaranse de forma hixienicamente aceptable nos colectores destinados á fracción orgánica e/ou nos lugares que a entidade municipal poida destinar expresamente para tal fin. Queda prohibido depositalos nas papeleiras públicas ou nas entradas dos sumidoiros.”.

Artigo 16.5

“Toda persoa que pasee con cans pola vía pública ou espazos privados de uso público deberá adoptar as medidas necesarias para evitar que os ensucien coas súas deposicións e miccións. Para este fin, deberá levar unha botella de auga para minimizar o impacto da micción. Este líquido debe ser vertido sobre a micción inmediatamente despois de que se produza.”.

Artigo 22

“Non está permitido alimentar animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas e en espazos privados de uso público sen contar coa correspondente autorización municipal, nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección animal.

Para a alimentación e coidado de gatos ferais, o Concello impulsará a implantación de colonias felinas controladas mediante o método CER (Captura, Esterilización e Retorno), co obxectivo de manter controladas e en boas condicións sanitarias as poboacións de gatos ferais. Para tal fin, o Concello desenvolverá protocolos para levar a cabo con medios propios ou en colaboración con asociacións protectoras de animais as tarefas propias do método CER, xunto coa alimentación, desparasitación e coidado e hixiene da contorna da colonia felina.”

Artigo 23

“1. Os animais domésticos vagabundos atopados no termo municipal da Coruña serán recollidos polo servizo de lacería municipal e trasladados ás instalacións da canceira municipal ou a aquelas outras que a autoridade municipal determine, onde serán debidamente

atendidos ata que sexan recuperados, trasladados ou adoptados. Os servizos municipais actuarán por iniciativa e planificación propias ou por queixas da cidadanía.

2. De non estar identificado o animal doméstico, seguirase o procedemento previsto no artigo 13.2 desta ordenanza. En caso contrario, seguirase o procedemento do artigo 13.3.

3. Este Concello fomentará a adopción de animais domésticos abandonados.

4. A retirada dos animais das instalacións da cancela municipal deberá realizarse en horario de servizo, logo do pago das taxas correspondentes.

5. Os gatos ferais poderán acollerse a este mesmo procedemento ou ben, de xeito preferente, á xestión dunha colonia felina controlada a través do método CER descrito no artigo 22 desta ordenanza.”

Artigo 28.5

“Abandonalos, tanto na vía pública como en espazos privados de uso público, así como en vivendas, espazos pechados ou lugares nos que estes animais eran atendidos polas persoas propietarias.”

Artigo 28.6

“Utilizalos en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades se iso pode ocasionarlles sufrimentos ou implican maltrato ou crueldade”.

Artigo 29

“Os refuxios, criadeiros, establecementos de venda, recollida e experimentación e os dedicados á exposición de animais salvaxes en cativeiro, sen prexuízo das condicións establecidas na normativa vixente, deberán reunir as seguintes características:

Artigo 33

“1. Tipifícanse como infraccións leves:

a) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de dezaseis anos ou a persoas con discapacidade sen a autorización da persoa titular da patria potestade, tutela ou garda.

b) O agasallo de animais de compañía como recompensa ou premio en eventos ou atraccións públicas.

c) A exhibición de animais de compañía destinados á venda en escaparates ou zonas expostas á vía pública ou como reclamo comercial.

d) Non manter os animais en condicións hixiénico-sanitarias adecuadas e/ou non someter os animais aos recoñecementos veterinarios necesarios.

e) Manter os animais en instalacións que non cumpran os requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección animal.

f) Non proporcionarlles aos animais alimentos e bebidas suficientes e adecuados ás súas necesidades, salvo prescripción veterinaria, a menos que o prexuízo ao animal fose grave ou moi grave.

g) Exercer a venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados.

h) Transportar animais en condicións inadecuadas ou en maleteiros non especialmente adaptados, incumprindo as obrigas establecidas na normativa vixente en materia de protección animal, sempre que os animais non sufran danos.

i) Non recoller inmediatamente os excrementos evacuados por un animal de compañía en vías públicas ou en espazos privados de uso público.

j) Alimentar os animais vagabundos ou perdidos na vía pública sen a correspondente autorización municipal, salvo en situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.

k) Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal acceda libremente a vías ou espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen autorización con persoas ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.

l) Manter nun mesmo recinto ou en vivendas particulares máis de cinco animais, ou dos que a entidade municipal, tendo en conta o caso concreto, puidese establecer, incumprindo o disposto na normativa vixente en materia de protección animal.

m) Non manter actualizados os datos comunicados aos rexistros preceptivos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.

n) Non contar coa formación necesaria para o manexo e atención dos animais aloxados en centros de cría, venda e importación de animais.

ñ) As molestias ocasionadas á veciñanza polo incumprimento do disposto no artigo 4 desta ordenanza.

o) Incumprir as persoas propietarias ou posuidoras dos animais a obriga de levar unha botella con auga mesturada con zume de limón ou bicarbonato sódico, en cantidade suficiente para eliminar a micción dos animais na vía pública ou en espazos privados de uso público inmediatamente despois de producirse.

p) Incumprir as persoas propietarias ou posuidoras dos animais a obriga de eliminar a micción dos animais na vía pública ou en espazos privados de uso público inmediatamente despois de que se produza botando sobre elas unha cantidade suficiente de auga, mesturada con zume de limón ou bicarbonato sódico.

q) Calquera outra actuación que supoña o incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza ou a infracción das prohibicións nela establecidas e que non estean tipificadas como infracción grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

a) O maltrato aos animais que lles causen dor, sufrimento, lesións ou danos non incapacitantes ou irreversibles.

b) Non proporcionarlles aos animais os tratamentos necesarios para previr o seu sufrimento.

c) A non identificación dos animais, cando sexa obrigatoria segundo o disposto na normativa vixente en materia de protección animal.

d) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles cause dor, dano, sufrimento, deterioración ou estrés innecesario, especialmente aqueles que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria, ou manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que sexan necesarios durante a maior parte do día, e o uso de instrumentos ou métodos prexudiciais de suxeición ou adestramento, como colares eléctricos que producen descargas.

e) Levar animais atados a vehículos de motor en movemento.

f) Non adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais, nos termos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.

g) O abandono de animais de compañía, nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa vixente en materia de protección animal.

h) A reiterada venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados, nos termos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.

i) A venda de animais salvaxes mantidos en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.

j) O incumprimento das obrigas establecidas na normativa vixente en materia de protección animal para establecementos e eventos con animais de compañía, salvo que constituía infracción moi grave, e o transporte inadecuado de animais de compañía incumprindo as obrigas establecidas na normativa vixente en materia de animais de compañía incumprindo as obrigas establecidas na normativa vixente en materia de animais de compañía. protección animal.

k) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen provocando dor.

l) A venda de animais enfermos ou con defectos coñecidos pola parte vendedora, salvo o previsto na normativa vixente en materia de protección animal.

m) A cría con fins comerciais ou a comercialización de animais sen cumprir os requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección animal.

n) A recollida de animais extraviados ou perdidos sen a correspondente autorización, salvo nos supostos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.

ñ) A cesión en adopción de animais abandonados sen reunir os requisitos establecidos nesta ordenanza e na normativa vixente en materia de protección animal.

o) Ser titular dun establecemento ou recinto de núcleo zoolóxico sen estar en posesión das autorizacións administrativas previstas na normativa vixente en materia de protección animal.

p) Non ter subscrito un seguro de responsabilidade civil ou non telo renovado, no caso de tenza de cans clasificados como potencialmente perigosos.

q) A negativa ou resistencia a facilitar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes, ou os seus axentes, para o cumprimento das funcións establecidas nesta ordenanza e demais normativa aplicable en materia de protección animal, así como a subministración de información inexacta ou documentación falsa.

r) Utilizar animais para a realización de traballos que poñan en risco a súa saúde, utilizándoos como reclamo na mendicidade ou en calquera outra actividade ambulante, ou o seu uso en atraccións de feira e outras análogas, salvo autorización da autoridade competente.

s) A comisión dunha infracción administrativa leve cando no prazo dun ano o suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións leves e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes en vía administrativa.

3. Son infraccións moi graves:

- a) O maltrato aos animais que lles causen a morte ou lles provoquen lesións ou danos incapacitantes ou irreversibles.
- b) A manipulación da identificación dos animais de compañía en todo caso.
- c) A organización e realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que implique maltrato, crueldade ou sufrimento.
- d) A venda de animais cunha enfermidade infecto-contaxiosa coñecida pola parte vendedora.
- e) A mutilación de animais sen prescrición e control veterinario, así como a esterilización e intervención cirúrxica de animais non realizadas por un profesional veterinario.
- f) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan ameazar a saúde dos animais de compañía, salvo prescrición veterinaria.
- g) O incumprimento da orde de inmovilización dos animais acordada polas autoridades competentes.
- h) Obstaculizar o cumprimento das medidas provisionais.
- i) Educar os animais de forma agresiva, estresante ou violenta, así como instigalos ou preparalos para pelexas ou ataques nos termos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.
- j) Non adoptar as medidas necesarias para evitar que os animais lle causen danos á saúde pública ou animal ou á seguridade pública.
- k) Disparar intencionadamente aos animais, salvo nos supostos previstos na normativa vixente en materia de protección animal para a eutanasia.
- l) A práctica da eutanasia de animais incumprindo o disposto na normativa vixente en materia de protección animal.
- m) O uso e tenza de animais de especies silvestres nos circos.
- n) A comisión dunha infracción administrativa grave cando no prazo dun ano o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou máis infraccións graves e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes en vía administrativa”.

Artigo 34

“As infraccións sinaladas no artigo anterior sancionaranse con multas de:

- a) As leves, de 100 € a 500 €
- b) As graves, de 501 a 5.000 €
- c) As moi graves, de 5.001 a 30.000 €

O importe destas sancións poderá ser actualizado nos termos previstos na lexislación vixente en materia de protección animal.”

Artigo 37

“O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, con observancia dos principios recollidos na Lei do réxime xurídico do sector público”.

Artigo 38

“As infraccións previstas nesta ordenanza serán sancionadas polas persoas que teñan atribuída esta competencia de acordo coa lexislación vixente en materia de protección animal. En todo caso, correspóndelle a incoación e tramitación dos procedementos incoados para a comisión das infraccións tipificadas nas letras c), i), j), ñ), o), p) e q) do artigo 33.1. á persoa titular da Alcaldía a resolución do correspondente expediente sancionador”.

Artigo 39

“1. As infraccións previstas nesta ordenanza prescribirán ao ano as leves, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que se cometese a infracción. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a contar desde a finalización da conduta infractora.

2. As sancións administrativas impostas por infraccións leves prescribirán aos dous anos, as graves aos tres anos e as moi graves aos catro anos, contados a partir do día seguinte a aquel en que fose executiva a resolución pola que se impón a sanción, ou transcorrese o prazo para recorrela. No suposto de desestimación presunta do recurso de reposición

interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente establecido para a resolución do dito recurso”.

O documento íntegro da ordenanza cos artigos modificados está dispoñible para consulta en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente

O que se publica para coñecemento xeral e para os efectos oportunos.

A Coruña, 22 de setembro 2023

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana,

José Manuel Lage Tuñas

2023/7613